

A FUNCIÓN CRETO-FINANCIERA JOGADA POLAS CASAS GRANDES E PAZOS DE GALIZA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRECTAMENTE PRODUCTIVAS, DE CONSUMO E SERVIZOS

JOSÉ ANTONIO LÓPEZ TABOADA
Departamento de Historia e Institucións Económicas
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Casa-pazo; Préstamo; Actividade financeira; Circulación do dinheiro; Usuarios dos préstamos.*

Key words: *Manor house; Loan; Financial activity; Money in circulation; Loan users.*

Resumo

Neste traballo exponse a importancia do papel desenrolado polas casa-pazo na Galiza rural do século XIX suministrando dinheiro ao campesinado para a realización de actividades directamente productivas, ou a adquisición de instrumentos productivos, así como tamén para a realización de actividades comerciais e a obtención de servizos diversos e as formas de pago ou devolución para facer fronte aos préstamos obtidos.

Abstract

In this paper it is shown the importance of the role played by manor houses in XIX century rural Galicia supplying money to farmers to carry out directly productive activities, or for the acquisition of productive tools, as well as to develop commercial activities and to obtain several services and ways of paying or refunding in order to meet the obtained loans.

1. ESTADO DA QUESTÓN

Hasta agora a investigación sobre a evolución histórica do mundo rural galego preocupouse

preferentemente da evolución da titularidade da propiedade e, por consiguiente, da distribución do produto final atendendo ao factor terra. Investigouse moi pouco sobre a evolución tecnolóxica, a utilización dos recursos e as condicións de dispoñibilidade de capital¹; en concreto, sobre a circulación de numerario no mundo rural, tanto no que se refire as posibles institucións para o depósito do dinheiro canto as necesidades e condicións de préstamo a os posibles usuarios.

Neste artigo preténdese abranguer algúns aspectos do tema a través de fontes documentais de carácter privado.

Trátase de unha documentación que recolle os arquivos ou fragmentos de arquivo de cinco Casas-Pazo que, como grandes propietarios, poseían en regime de propiedade plena gran cantidade de lugares; esto é, de explotacións enteiras acaseiradas que para a realización da produción dispoñían de tres, catro, ou cinco hectareas de extensión de terra cultivada en parcelas dedicadas a labradío, prado, monte, fraga, e dereitos de moer ademais da casa coa súa horta, currais, pendello, etc. Estas casas-pazo tamén tenhen en propiedade, preferentemente nas Marinhás, leiras soltas arrendadas. Todas estas casas tenhen, así mesmo, algunhas rendas en foros.

Pois ben, este artigo trata de aportar datos que permitan observar como varían as condicións de realizacións da produción, a comercialización e o consumo do campesinho-labrador según a categoría jurídica de propietario, arrendatario a prazo indefinido, foreiro, aparceiro a prazo curto ou caseteiro sin gando vacún nin carro; trátase tamén de observar a importancia de estas casas-pazo no que podería chamarse "Organización financeira vigente na economía rural galega do século XIX". Estas casas-pazo ou casas-grandes exténdense por toda Galiza en número non establecido; pero que vamos a supoñer que sobrepasa a cantidade de dúas por municipio actual.

O seu volume de propiedade varía moito; pero sempre sobrepasa o ámbito parroquial propio para extenderse pola comarca.

Probablemente se trate de, polo menos, unhas mil familias donas de pazos e de casas grandes de aldea (algúns de cujos membros ocuparon altos cargos na vida política a nivel provincial e do Estado na administración, no Exército, na Magistratura, na administración urbano-local e no clero parroquial, sobre todo nos séculos XVI-XVIII); estas casas constituíen, junto coa emigración, a principal institución financeira e a mellor fonte de liquidez monetaria de Galiza. Son, pois, un elemento fundamental para o funcionamento do mundo rural galego no orde financeiro desde o século XIX e penetraron no primeiro cuarto do século XX, desaparecendo totalmente na década dos 1950.

2. FONTES

Fragments do arquivo casa-pazo de O Penhasco, na parroquia de Abelhá, municipio de Frades, partido judicial de Ordes. Neste arquivo recóllese a documentación sobre a titularidade do patrimonio e os seus avatares desde fins do século XVI hasta a segunda metade do século XIX. En este caso só se dispón do "libro cobrador" para a primeira metade do século XIX, no que se inclúen notas e apuntes sobre deudas; figura tamén un cuadernillo referido as décadas 1840 e 1850 titulado: "dinero que di". Seguindo o libro cobrador de 1805 pode observarse que a casa ten en propiedade plena lugares explotacións acaseiradas (según nomenclatura administrativa

do Antigo Regime), nos partidos de Rodis, Lesta, Poulo, Golán, Ordes, Ardemil, Loureda, Pereira, Buscás, Parada, Sumio, Barbeiros, Galegos, Frades, Gándara, Castro-feito, Beán, Vilhamaior, Abelhá, Gesteda, Vardaos, Ulha e Leira.

Arquivo da casa-pazo do Orjal en S. Cosme de Oines, municipio e partido de Arzúa. A documentación sobre a titularidade da propiedade da terra e dereitos que constituíen o patrimonio de esta casa e os seus avatares empeza a fins do século XVI e continúa hasta a segunda metade do século XX, momento no que se extingue. Os libros cobradores son regulares desde a segunda metade do XIX e na primeira do XX. Nestes libros acompañanse notas sobre préstamos e deudas. Referente a este pazo está "o libro de asento de gando" que ten en aparceiría, cujo asento fíxose coa presenza dos tenedores, 1826-1845.

É este o pazo mais pequeno dos utilizados para este traballo. Ten propiedades somentes no municipio de Arzúa, nas parroquias de San Cósme de Oines, San Martín de Calvos, S. Estebo de Campo e no municipio de O Pino na parroquia de S. Estebo de Medín. Os que levan os lugares son caseiros arrendatarios a prazos fixos.

Na parroquia de X, municipio de Cabana, partido judicial de Carballo está a casa-pazo da que se dispón do "libro cobrador de rendas de Don... que dá principio no ano 1885 e termina o ano 1902". Este libro ao pé do seu título leva unha nota que di textualmente: "Los débitos de este libro, hasta las rentas de 1900 inclusive respecto a arriendos y exclusive respecto a foros a valores, importan, salvo alguna diferencia por contribución que hay que abonar y se presupuestaron 10.800 pts líquidas. Importan hasta 1901 inclusive 17.219'85 pts incluyendo la lista de débitos según relación remitida a Don..., cumplidor testamentario".

Segue o índice dos caseiros do Sr... coa expresión das súas vecindades (son en total 190 pagadores por concepto de arrendo ou foro que deben entregar 2.327 ferrados de trigo e 7 de centeo. (A contribución total correspondente a cada ferrado é de 0'80 pts).

As propiedades están extendidas da forma seguinte:

— *Partido de Carballo*: Municipio de Ponte-ceso: parroquia de San Tirso de Cospindo, San Vicente de Granha, San Martín de Cores, S. Joam de Ninhões; municipio de Cabana: parroquias de San Pedro de Corcoesto, San Joam de Esto, San Paio de Cundíns, San Pedro de Nantón, San Esteban de Anos, San Martín de Riobó, San Joam de Borneiro, San Estebo de Cesalhas, San Martín de Candisas; no municipio de Coristanco: parroquias de San Miguel de Couso; municipio de Lage: parroquias de Santiago de Traba e Santa María de Serantes;

— *Partido de Corcubión*: Municipio de Zas: parroquias de Santa María de Lamas, Santa María de Gándara, Santa María de Baio, San Pedro de Vilhar, San Adrián de Castro, San Martín de Meanhos;

— *Partido de Negreira*: Municipio de Santa Comba: parroquias de Santa Comba, San Vicente de Sarandón, San Félix de Freijeiro;

— *Partido e cidade de Santiago*: A quinta parte de unha casa nas Rodas, n.7 en arrendo e outra en renta foral.

De esta casa-pazo dispónse, ademais, de "Relación de los ganados" da filla do hirmán titular do Pazo ao momento de herdar en 1901: trátase de sete aparceiros que tenhen unha pareja de bois e un par de vacas cada un. Valórase todo en 5.056'42 pts.; e tamén se dispón de "Relación de deudores de la hijuela paterna por rentas y créditos", suma en total 17.219 pts. a 30 de junio de 1902 y del "Libro nº 2 de Caja" o sea "cuenta corriente del Excmo. Sr... con su señor hermano... Don... Da principio el 31 de julio de 1895 y terminó el 9 de septiembre de 1901".

Tamén figura a "Relación de los inmuebles y Derechos reales que han correspondido al Excmo. Sr... por herencia de su hermana... vecina que viviendo ha sido de la ciudad de Santiago en la distribución o división provisional realizada con sus señores hermanos en arreglo a la siguiente tabla de haber de cada heredero y legatario de la misma señorita".

O total da herdanza valórase en 87.424 pts., das que o hirmán titular da casa-pazo recibe unha parte valorada en 24.349 pts. Os bens moveis que herda este hirmán desglósanse así: gando = 3.902'81 pts.; dinheiro existente en

mans do maiordomo = 1.000 pts.; madeira en táboas de castanho = 20 pts.; cretos malos de cobrar 4.700 pts.; dinheiro existente no casa mortuoria = 9.622'81 pts.; esta partida chegará escasamente para cubrir as mandas de legatos, pois é posíbel que ascendan a unhas 12.000 pts. e pico. "Non se sabe fijo, pois faltan algúns datos por encaixar".

Tamén se dispón de parte da documentación da casa-pazo do... en Ares, partido judicial de Pontedeume: "Diario de la casa-pazo de... 1905-1913" e "Contabilidade da casa-pazo do... 1917-1919". Nestes libros aséntanse todos os movementos económicos en relación coa casa-pazo.

Inclúense tanto ingresos por rendas e ganancias como gastos de administración e funcionamento de casa-pazo que, a sua vez, funciona, como todos os pazos, como unha explotación agraria que aproveita as posibilidades de cultivo de cereal, horta, explotación de madeira, lenha e outros aproveitamentos do monte a través do traballo asalariado.

Este pazo cobra rendas por propiedades nas parroquias de San Vicente de Coamanco, Santiago de Franza, San José de Ares, Santa Eulalia de Lubre, San Pedro de Cervás, San Joam de Pinheiro, San Bartolomé de Lourido, San Julián de Mugardos, Divino Salvador de Maninhos, Castro, Sequeiro, Baralhobre, Mehá, San Martín de Porto, que se espalhan polos municipios de Ares, Mugardos e Narón.

Este pazo tamén ten nestas parroquias rendas forais moi pequenas que non pasan de 40 Rs. por parroquia. Pero estas rendas anótanse no "libro de Forales 1922-1930". Así mesmo, debe advertirse que na categoría "gastos" do día 23/10/1910 do "Libro Diario" aparece anotada a partida seguinte: "para compra de un libro para nota de los deudores de esta casa... 4 Rs." ¿Significa ésto que había un libro de contas para os deudores por dinheiro? Este concepto de ingresos por dinheiro prestado non aparece nos libros anteriormente citados. Sí en cambio aparece a partida de gastos de capital para a compra de vacuno: bois e vacas en aparceiría e aparece a contrapartida ganancias por gando posto en aparceiría.

Da casa-pazo de Curtis no municipio de Curtis, partido judicial de Betanzos, dispónse da

"cuenta con cargo y datos que Don... rinde a sus hermanas, las señoras Doña... y de lo administrado y suplido por las mismas señoras desde mayo de 1864 hasta el 30 de noviembre de 1869".

Os lugares acaseirados que cultivan por arrendo de prazos fijos prorrogabeis están nas aldeas seguintes: Çezar, Porto-Fojado, Carbalho, Pazo, Santo, Edreira, Coto, Cobas, Branhas, Fonteabrea, Anta, Fervenzas, Insua, San Pantaleón. Así mesmo, dispónse do "Libro copiador de Cartas" entre o adeministrador antes citado e o maiordomo. A través de estas cartas e notas pode verse a gran cantidade de información sobre as condicións de vida económica e de todo tipo dos caseiros da que dispoñen estes ams señores, e a meticulosa puntualidade coa que siguen a marcha de estas explotacións ou lugares acaseirados en arrendo.

Pertenecente tamén a esta familia dispónse de un diario chamado "Papeles de San Julián de Sales arreglados algunos de ellos con Miguel Nieto"; este tal Nieto é o maiordomo encargado das relacións cos caseiros-aparceiros que van pasando polo lugar-explotación que a familia posúe na parroquia de San Julián de Sales, municipio de Vedra, partido de Santiago. Estes "Papeles" corren do ano 1875 ao 1887.

Sábase que existe outro "Libro de parcerías y deudas" polas citas que de él se fan nos anteriores; pero de este tal libro non se dispón. Tamén polas mesmas fontes sabemos que cada caseiro-aparceiro dispón de unha "libreta" o "cuaderno" de caseiros no que para o seu servizo o maiordomo anota puntualmente o debe e o haber de tal ou cual caseiro coa casa-pazo. Un documento exactamente igual aparece referido no "Libro Cobrador" da casa-pazo de... Carbalho.

Dispónse tamén das "Partijas de Don Angel Balboa Carril na parte de bens moveis" Partijas que se fixeron entre os fillos no 3/9/1876.

Pertenecente a esta casa dispónse do "Libro cobrador de rentas en su casa de As Palhas, en Bergantinhos, años 1874-1875 y 1876".

Este propietario (non casa-pazo) tinha lugares-explotacións nas parroquias de Artes, Sofán, Montemaior, Carbalho, Berdilho, Ardanha, Traba, Rus e Entrecruces, en total uns 40 caseiros arrendatarios no municipio de Carbalho.

Pertenecente tamén a esta casa dispónse do

"Libro de Deudores 1866-1876" no que con frecuencia se fai referencia ao "Libro de Aparceirías" do que non se dispón.

O legalho n.1212 do Arquivo Histórico da Diocese de Santiago (A.H.D.S.) contén as respostas de tódolos curas encargados das parroquias da diocese de Santiago, dadas ao cuestionario elaborado pola "Comisión Investigadora para resolver acerca del modo de cubrir las atenciones a que estaba afecto el impuesto decimal". Este cuestionario dirixíuse aos párrocos a través da Curia Diocesana, e as respostas corresponden ao mes de novembro de 1838. Esta documentación cubre a maior parte da actual provincia da Coruña e unha boa parte da de Pontevedra.

Entre os préstamos en dinheiro para actividades directamente productivas, destacan os préstamos para a compra de gando, preferentemente vacuno, sin excluír o ovino e o caprino.

As regras de xogo consistían na aportación do capital valor da res comprada ou tasada polo señor terratenente propietario e o aparceiro coidábaa e participaba as medias nas perdas e ganancias. As perdas vinhan dadas pola desaparición por morte ou merma por infirmitade da res en cuestión, e as ganancias vinhan dadas pola renda das crías ou da res milhorada.

Este tipo de actividades pode documentarse a través do Pazo "El Peñasco" desde mediados do século XVII. A información aumenta ao longo do XVIII e, probabelmente, no século XIX se trate de unha actividade ordinaria destes pazos e outras casas ricas, das que non sería infundado de todo supoñer que chegaron a ter a metade ou máis da ganadería galega, afectando a varios tipos de arrendatarios e, incluso, a unha parte dos campesiños propietarios que tería un dos seus mecanismos de defensa no dinheiro fresco da emigración na primeira metade do século XIX a Portugal e desde 1837 a América, concretamente ao Río da Prata e a Cuba².

De todas formas, as relacións do socio capitalista co aparceiro varían según sexa a relación jurídica de éste coa terra e demais elementos que compoñen a explotación.

O campesiño propietario que recibe gando en aparceiría entra ao contrato participando as medias en perdas e ganancias.

No caso de tratarse de arrendatarios cujo

contrato é superior a 8 anos e que pagan unha renda específica polas herbas verdes e secas e todo tipo de prados, palhas de cereais, trigo, centeo e millo, o arrendatario queda libre para poseer gando propio ou de outro socio capitalista. Neste caso, o arrendatario —igual que o campesiño propietario— pode ter na súa casa e explotar, si lle convén, algún exemplar semental de vacún, chamado vulgarmente "almalho"; esta situación dáse con preferencia por parte de campesiños ricos.

Hai que anotar que estes arrendatarios de condicións vantaxosas dispoñen de facenda propia, apeiros, ferramentas, carros e todo o necesario para a boa marcha de unha explotación. Os seus contratos sendo as medias ou ao terzo tenen tendencia a seren indefinidos no tempo.

No caso de que se trate de arrendatarios pobres que non dispoñen de outra cousa que non sexa o seu escaso enxoval doméstico e cando mais algún suido para engorde e cria, ocupan explotacións pequenas mediante contratos de 3 anos e, nestes casos, o propietario das terras e casa pon, ademais, os moveis de casa, a ferramenta do traballo, o carro, a gandeiría vacuna que non pasa nunca de catro vacas. Este propietario permanece dono e vigiante de herbas, palhas, esterco, alimentación e traballos que fai o gando e, incluso, da saúde do mesmo, de modo que os custos de medicamentos, servizos veterinarios ou semelhantes, son pagados por conta do bolsiño do señor-propietario do lugar acaseirado.

O arrendatario solidarízase respecto do gando entrando as medias nas perdas e ganancias.

Casos deste tipo encontráronse en San Julián de Sales (municipio de Vedra), e en algúns dos lugares do pazo de Curtis. Neste último caso, o arrendatario cometeu o delito de traballar a jornal co carro e as vacas de seu amo e señor no transporte para o movemento de terras ao momento da construción da vía férrea: Corunha-Lugo, sin comunicarlho nin pedir permiso, nin repartir a retribución co seu amo-senhor, polo cal recibe a ameaza de ser votado fora do lugar (explotación).

A argumentación na que o amo-senhor funda a súa ameaza parece contundente por

fundarse en usos e costumes establecidos, detallando outros casos de conhecidos seus de Santiago que tenen capital empregado en bois en aparceiría adicados ao carreto, e que, por ter ocultado ao seu socio-capitalista un só viaxe de carreto a jornal, recibiron a resposta de serenlhes vendidos inmediatamente os bois; rotura definitiva do trato.

Non obstante, esta forma de aparceiría entre o propietario e un arrendatario pobre non parece de interese en si por parte de os socios capitalistas; parece mais ben tratarse de unha situación non desexada por parte do propietario, que é preciso aceptar para facer viábel o traballo de unha explotación tan pequena que está ao límite do rendemento para cubrir a subsistencia do caseiro-arrendatario-traballador.

Neste último caso, o coste da vigiancia-control é moi elevado. Naturalmente, é preciso vigiar incluso o labor de sementeira e recollida do cereal porque tanto na semente como na colleita é as medias; pero, ademais, é preciso vigiar desde a cantidade de traballo que se aplica (hai que vigiar o traballo a jornal fora da casa, por si descoida o das terras arrendadas, a enfermidade e a morte de algún membro da familia que limite as posibilidades efectivas de "levar o lugar") hasta a oportunidade do momento climático de sementar os forrajes: o alcacén e os navos con ferran, hasta a corta do tojo para o seu uso na cama dos animais o que equivale a fabricación de esterco-orgánico, a corta debida ou indebida de ramas das árbores que hai nas diversas fincas do propietario, polo perigo que este corre de ver convertidos en lenha para o fogar posíbeis futuras árbores madeirabeis, seja esto na fraga, no monte ou en árbores a beira do labradío; hai que vigiar o bon uso da ferramenta e apeiros de labranza, a conservación de casa en bon estado, o valor dos bens moveis que se evaluarán ao momento de entrar na casa e se evaluarán de novo ao momento de saír do "lugar". As reducións apreciabeis ou inexistencias por non reposición serán computadas como deudas.

No caso do señor Balboa, (década 1860-70) de As Palhas, Carbalho, e no do señor X do municipio de Cabana tamén hai tratos coa última categoría de campesiñado que vive ao borde da miseria; hai tratos con casetei-

ras que reciben gando ovino ou caprino, para o engorde e reprodución as medias en ganancias e perdas.

Estas caseteiras son, case sempre, persoas solteiras, na súa maioría mulleres con algún fillo de solteira, sin carro nin gando vacún que viven independentes da casa paterna en casas habitáculos que é raro que pasen de 20 m², para cozinha, desván, dormitorio, etc. Esta categoría social constituíe unha parte dos jornaleiros eventuais nos momentos punta do labor no campo.

Estas caseteiras, cando son filhas de pequenos e medianos propietarios, posúen en propiedade estas "casetas" próximas a casa petrucial; teñen algunha leira tamén en propiedade; nos demais casos, tenhenas en arrendo. Estas "casetas" aparecen tamén inventariadas nas partijas de estes señores-propietarios ricos que probablemente as construíron para solucionar problemas de convivencia dentro da familia do arrendatario apreciado polo socio-propietario.

De ahí o relieve social de estos propietarios-financieros constructores e cogestores, que nestas dúas últimas fórmulas participan directamente na organización da produción.

De tódolos xeitos, os casos de aparceiría de gando refrejados nos "Libros de aparceirías" ou "Libros de ganado que tiene a la aparceiría... 1826" do pazo do Orjal ou refrejados no "Libro segundo de Caja del Excmo Sr. Dn..., casado con..., general de División do Ejército Español, Diputado a Cortes pola Coruña en 1901..." non se corresponde cos aparceiros que, a súa vez, son colonos arrendatarios do pazo. O mesmo sucede no pazo de... en Ares.

No primeiro caso, anótanse as relacións de haber e debe con varios aparceiros que teñen un deles catro vacas do mesmo socio-capitalista. Estes aparceiros están en seis parroquias diferentes arredor do pazo: Dodro, Oines, Medín, Lardeiros, Calvos e Campo, pertencentes aos municipios de Arzúa e O Pino. Esta actividade financeira no campo da gandeiría non é toda simultánea, senón que se estende ao longo do período 1826-1855.

No caso do Pazo... do municipio de Cabana, o capital invertido no tráfico de compra-venta de bois atraveso de intermediarios aparceiros que compran na feira, engordan na casa e venden de novo, é de unhas 6.000 pts en 1897; as ganhan-

ças supoñen aproximadamente un 8% neto sobre do capital empregado. Naturalmente, algún ano hai que contabilizar algunha perda por morte ou eiva de algún boi. A necesidade de reducir este risco ao máximo é o elemento limitador da expansión da actividades. É preciso confiar o gando a persoas que teñen amplas posibilidades de alimentalo e a persoas que teñen fama de saber coidalo con esmero. A condición está en reducir os riscos de accidentes de eiva e de enfermidade dos animais ao máximo. É de anotar que entre os responsabeis de estas aparceirías para bois e vacas figuran algunhas mulleres.

No caso do pazo... en Ares, do mesmo xeito que no libro de caixa do de... en Cesulhas, anótanse en "Debe" os gastos das compras de bois e vacas, e en "Haber" os ingresos das ganancias do gando en aparceiría. No caso do pazo de Ares é máis notabel o feito de investir en gandeiría porque se trata de unha zona de cultivos de horta comercializados: patacas, cebolas, repolo, froita; trátase de unha comarca de outa densidade de poboación e próxima a centros vilegos e urbáns como Ferrol, Betanzos ou Coruña.

A este pazo só se lle contan tres "Lugares" ou explotacións con caseiros arrendatarios; o resto dos ingresos son rendas por leiras soltas, e dispersas en arrendo, por venda de produtos da propia explotación do pazo realizada con traballo asalariado, como patacas, cebolas, repolo, froitas, madeira, lenha, estrume e cereal proveniente de rendas: trigo e millo.

No caso do vacún femia, teóricamente, as ganancias son moi superiores e resulta algo absolutamente normal desde 1826 a 1902 (período cuberto pola información) que a suma do valor en venda das catro primeiras crías, o que en condicións óptimas supón a idade de seis anos de unha vaca, se amortice o capital principal e o resto da vida da vaca —aproximadamente outros seis anos— se correspondan con un período de ganhanza neta. Pero a realidade non é tan boa, porque non é frecuente a regularidade anual no prenhezado, e porque os riscos de aborto e os do parto son outros polos golpes a que está exposto este gando por ter que andar ao jugo para tirar do carro e do arado. Polo cal pode observarse claramente como o socio capitalista selecciona

co máximo coidado a persona coa que se asocia para explotar vacas en aparceiría.

O pazo do Orjal non tinha en ningunha freguería máis de tres aparceirías³.

A esta variante de aparceiría hai razóns para atribuírlhe un 10% de rendabilidade aproximada, pero os riscos son maiores que en ningunha outra forma de aparceiría e os socios preferidos son aqueles que destacan por seren coidadosos, ter un bon facer e un outo grao de honradez.

Mençóm especial merécena os caseiros arrendatarios a medio e a longo prazo que pagan polas súas herbas verdes e secas e palhas e, como contrapartida, reservanse o dereito de ter gando propio. Non é raro que tenhan o gando en aparceiría co seu amo e senhor; pero, neste caso, as contas lévanse a parte como resultado de un investimento particular.

Tamén nos casos de As Palhas e Cesulhas aparece capital colocado en gando ovino e caprino, pero trátase de casos que non parecen ordinarios senon mais ben compromiso con algún aparceiro ou amigo personal do senhor ou do maiordomo. Os levadores son mulheres, nestes casos específicos "caseteiras", polo cal parece mais ben unha actividade de orde benéfico ou de prestígio social. Pero non por iso deixan de contabilizarse os resultados nos libros de contas.

E de advertir que esta actividade de socio-capitalista gandeiro no pazo do Penhasco en Abelhá ven desde mediados do século XVII⁴, medra no século XVIII, e generalízase no século XIX; diminúe no primeiro terço do século XX e desaparece no segundo de maneira que na década dos 1960 quedan só algúns elementos residuais.

Na declaración de ingresos que en 1810 fai D. Joam Tojo de Castro, titular do pazo do Orjal, a delegaçóm de Facenda do Partido de Santiago con motivo da "Contribuçóm extraordinaria de guerra contra os franceses", a parte das rendas que recibe en cereais e 8 moios de vinho do Ulha, figura a *utilidade de gandos*, a que se lle atribúe un beneficio neto de 150 Rs de un total de 5.011 Rs de investimento⁵.

Esta mesma declaración de utilidade por gando aparece refrejada no "Catrasto de Enseñada" e esta "gandeiría en aparceiría" aparece en

moitas parroquias da Diócese de Santiago (prov. Corunha e Pontevedra).

Así consta na resposta dos párrocos á terceira pregunta sobre bens afectos as primicias dos curas (Doc. A.H.D.S.; legalho nº 1212).

Na pregunta sobre a cobranza das primicias distínguese entre "vecinhos labradores que tenhen junta e vacas propias e vecinhos que as tenhen as medias", según costume do país; porque estes segundos pagan por primicias ao cura a metade do que pagan os primeiros.

Poden darse ademais outras formas de creto ou anticipos para a produçóm en especie ou en dinheiro.

Préstamos por anticipo de semente: Con certa frecuencia pídense anticipos de semente de trigo para as estivadas (trigo sementado no monte despois de ser acondicionado para estes menesteres, previa caba e queima); probablemente, esta maior frecuencia que para outras sembras se deba a non absoluta regularidade destas sementeiras. Tamén se fan anticipos para a semente de trigo sin especificar nada.

Dentro de esta categoría poderíanse computar tamén os préstamos para a finançóm de pequenas compras de terra que aparece documentada desde os anos 1884 en adiante ou para a redención de pequenas rendas forais ou censais que se redimiron ou compraron tanto no sexenio revolucionario como despois da década dos 1880.

As veces facilítase polo propio senhor a compra a prazos por parte do propio pagador da renda, foro ou censo. O que parece significar a entrada nunha fase na que o campesinhado empeza a adquirir a propiedade de pequenas parcelas que vinha traballando ou empeza a liberar cargas sobre as súas propiedades.

Así mesmo, tamén se fan préstamos para a compra de alimentos para o gando: en concreto, palha e relón. En algún caso, pode documentarse a relación económica anterior por ter gando en aparceiría; pero, noutros casos, non é posíbel documentar esa relación.

Fanse préstamos para a adquisición de apeiros tan importantes e indispensabeis para o campesinhado como un carro do país. O préstamo pode ser para o carro enteiro, para a compra de madeira necesaria, para a adquisición das ferraxes ou para pagarlhe ao carpinteiro constructor.

Fanse tamén préstamos para atender ao pago da alícuota parte do arranjo do moinho vecinhal (questón diferente do pago da alícuota parte ao compondor polos servizos de mantenhimento do moinho vecinhal en bon estado).

Fanse préstamos para o pago da contribución. Este tipo de préstamos foi moi frecuente na década dos 1850; despois, diminúe. Como exemplo valha sinalar os 654 Rs que en 1853 prestou Don Ramón Tojo, administrador do pazo de O Penhasco, a 18 personas ao longo de todo o ano en diferentes ocasións. É indudable que non todas estas 18 personas eran caseiros arrendatarios seus, pois esta coetilha só se lle pon a dúas personas. As formas de pago para os caseiros queda sempre asegurada a traveso do pago da renda que se ve así incrementada no pactado. Pero, si a relación non é a de amo-caseiro non se produce esta fórmula.

En moitos casos a forma de pago-devolución é a de prestacións en traballo na casa-pazo prestamista.

E preciso recordar que a maior parte de estes pequenos pazos-rurais tenen sempre arredor da casa-pazo, amplas cantidades de terra en forma de coto que equivalen a dúas, tres ou catro explotacións compesinhas grandes; é dicir, sempre máis de unhas cinco hectáreas.

Nestes cotos redondos existen terras labradías, prado, monte, fraga, augas e moinho. Todo isto trabállhase para auto-subsistencia como un campesinho mais, baixo o risco das súas propias decisións ou as do seu maiordomo. O pazo liquida as rendas, ganancias por gando posto, préstamos, etc.; pero, nos demais aspectos da produción non se diferencia dunha explotación ordinaria. Polo cal as necesidades de traballo no pazo son bastante amplas. De feito así se pagan moitos préstamos.

Como exemplo véxase a carta do herdeiro do Penhasco a un maiordomo en 12/6/1875:

"...o caseiro do Castro de Abelhá estivo o mes pasado a pedir en Santiago..., por consiguiente, tanto a él coma aos demais, como ja tenho dito, darlhe o número de ferrados suficientes a cubrir as contribucións; metade centeo e metade millo e non só millo como quere o do Castro...".

O dinheiro do froito levalo a Santiago por ser menos exposto que traelo eiquí (Baiobre, a súa residencia do momento), pero quedarse nesa co necesario para os gastos desa: de malhar, herba seca, contribucións, carpinteiros, comidas, etc., pois é excusado andalo levando outra vez desde Santiago para ahí.

Baste recordar que este mesmo herdeiro explicaba a seu pai —General do Ejército Español e gobernador militar da provincia de Pontevedra o ano 1844— que conseguira segar e gardar ben a herba seca dos prados da casa, que iba en perfecto estado, por ter aproveitado o bon tempo. Explícalhe e coméntalhe a seu pai como convocara a uns cuantos carreteiros, o ben que éstos o fixeran e como lles pagara o traballo que ajudaron a facer para o servizo da casa-pazo.

De igual jeito, os préstamos ao consumo poden ser en especie: cereais e madeira, ou en dinheiro.

Entre os primeiros, están algúns retrasos no pago das rendas e outros préstamos de cereal, fundamentalmente, trigo levado con fins específicos como a fabricación de pan blanco para a celebración do Nadal, Ano novo, os carnavais e as festas patronais e, incluso, para acudir a algunha romería local. Algunhas personas reciben estes pequenos préstamos de un ou dous ferrados de trigo (1 ferrado=16 Kg.) avalados con un fiador.

Si estes deudores que levan prestado en especie son caseiros arrendatarios anótase tamén esta información no "Libro Cobrador" e sempre se colocan a "fé de valores" do ano correspondente. Característica da maior parte de estes préstamos en especie é que, ao momento do contrato, ja se lle sinala o prezo a que se devolverá. Con certa frecuencia siñálanse os prezos dos meses da soldadura, marzo, abril, maio. Para o millo, case sempre se sinala marzo. Outras veces, siñálase o prezo da feira na que se espera realizar a próxima venda de gran, ou, as veces, o prezo dunha venda ja feita.

Dos préstamos que se pagan en especie, páganse a fins de agosto, o trigo e o centeo, e en setembro ou outono, o millo. Nestes casos, os prezos son os mais baixos do ano. O senhor sempre ganha.

Tamén se fan préstamos ao consumo, pres-

tando pequenas cantidades de dinheiro para atender diversas necesidades da vida: para dispoñer de vinho en tempos de festa ou para atender a esposa recién parida, para ir a feira ou comprar pano para roupa para facer uns calzóns ou comprar unhas frioleras, un panhete para o refaijo ou unhas guarnicións ou comprar calzado.

Préstamos para atender pequenas obrigações de devolución de dinheiro a familiares con motivo de partijas ou outras circunstancias.

Préstamos en dinheiro para atender gastos de servizos médicos e, en caso de enfermidade, para cubrir os gastos por ter que viajar ao hospital de Santiago.

Préstamos para axudar a financiación do viaxe do fillo emigrante. As cantidades prestadas están arredor dos 1500 Rs e os intereses a pagar son sempre do orde do 8% anual. Os prezos de devolución sinalados son, como máximo, tres anos, polo cal parece lóxico concluir que se esperaban recibir retornos de América. O pai do emigrante é sempre o prestatario.

Préstamos en dinheiro para pagar os servizos notariais por tratos ou acordos feitos ante notario: testamentos, mandas, etc. Cando algún prestatario vai acumulando deudas hasta algún punto considerado perigoso para o acreedor, entón faise unha "Obriga" ante notario, co cal o préstamo pasa a ser hipotecario.

A "obriga", como forma de préstamo, aparece primeiramente como fórmula contratual pola que algúns recaudadores-contratistas anticipaban ao Estado o dinheiro que éste debía cobrar dos contribuíntes polos conceptos acordados.

Este dinheiro anticipado ao Estado éralhe prestado ao contratista recaudador polo señor da casa-grande ou pazo, previo contrato de "obriga" realizado entre o recaudador-contratista e o señor do pazo X.

O contratista urbán contrataba a cobranza en determinada zona, subarrendada a través dos señores de estes pazos que buscaban un testaferrero para encargarse da cobranza por freguerías. Este testaferrero, sempre un labrador rico ou un bon foreiro, facía un dobre contrato: por unha parte, co contratista urbán que lle trasfería o seu dereito de cobranza do tributo X e recibía por anticipado o importe líquido de tal tributo en tais ou cuais freguerías. A súa vez, o testaferrero en cuestión facía outro contrato en virtude do cal

reconhecía que o dinheiro anticipado ao contratista urbán era do señor do pazo X e devolvérselle do recaudado pola recollida do tributo X, participando as medias nas ganancias.

Pero para isto necesita facer tamén unha "obriga" na que o campesinho rico, que carga co taballo da recaudación, compromete todos os seus bens habidos e por haber.

Préstamos aos procesos de comercialización poden considerarse a cuasi-ordinaria venda do excedente de gran a pago diferido ou a prazos. Naturalmente, os prezos son diferentes si se paga en mau ou si se defire o pago por parte do comerciante-comprador; tanto en tempos de escasez como as décadas de 1840, 1850, 1860 e 1870 como nos da abundanza finisecular.

As feiras e mercados de Carballo e Betanzos (puntos de referencia para outras feiras de menor entidade) mandaban o seu excedente de trigo á Corunha e a Ferrol (o de Betanzos-Ferrol viaxaba en barcazas) e desde estas cidades redistribuíese chegando, incluso, hasta Barcelona na década dos 1840⁶.

Estes pazos aceptan o pago a prazos de mulas compradas por arrieiros. Acéptanse tamén o pago a prazos na venda da madeira: pinos e castanhos.

As formas de pago dos préstamos son sempre algunha de estas tres: devolución do dinheiro (principal e réditos), o pago en especie, e o pago en traballo.

O pago en dinheiro por pequenas cantidades anótanse dicindo simplemente "pagou"; o pago de cantidades de certa entidade (case sempre superiores a 1.000 Rs) anótanse pola súa estampación nun documento de "obriga".

Nos casos deste tipo só aparecen relatados os réditos por préstamos para financiar viaxes de emigrantes ao Río de Prata, pola necesidade de detallar a cantidade anual de principal e réditos que é preciso amortizar cada ano.

É preciso advertir que os préstamos de certa entidade 400-1000 Rs, que non van acompañados de "obriga" (documento notarial), fanse por prazos moi curtos que non sobrepasan o mes. Outros mais pequenos tómanse prazos de devolución mais longos de un a dous anos.

Nos pagos en cereal ja se indicou o xogo dos prezos atendendo ao valor máximo ao momento de facer o préstamo, e ao mínimo ao momento

da devolución. Pero no caso do millo, é preciso anotar como se recolle en setembro e en outubro, medíndoo en cestos, gárdase no hórreo do prestamista e málhase e mídese polo prestamista a presenza do prestamista ou do seu representante, en ferrados, en marzo, despois de garantir un bon secado.

Outras formas de devolución en especie son: a madeira para carros (previamente elaborada), a telha por moios posta na casa, a pedra para a construción de muros e, incluso, a madeira para andamios.

As formas de devolución en traballo son: os oficiais, carpinteiros, ferreiros, canteiros e zapateiros en obra feita do seu oficio tamén valorada de común acordo; por iso, unha parte da obra de carpintería, manpostería e de cerrelhería das casas-pazo garda relación con estes préstamos.

Incluso, está fundado supoñer que unha parte do enxoval doméstico en roupa de lenzo garde relación con eles, pois abundan os préstamos devoltos con traballo de filhas e esposas ajudando nos labores da casa do señor-amo en diversas operacións de tratamento, blanqueo e fiado de linho e lan.

Tamén se devolven moitos pequenos préstamos en jornais de traballo na casa-pazo, en labores non especializados, senón ordinarios de calquer tipo de campesiño; as veces, traballando o pai e dous fillos en traballos duros relacionados co monte ou co arrinque e acarreo de esterco para a labrança.

Tamén se devolven algúns préstamos con traballo-servizo, como criados ou criadas por parte de algún fillo na casa-pazo traballando varios meses ou algúns anos.

3. CONCLUÇÃO

O papel creto-financieiro que ao longo do século XIX, desempeñaron estas casas-grandes e casas-pazo foi fundametal para:

1) A realización da produción, comercialización, consumo e servizos rurais na Galiza de antes do século XX;

2) ista actividade financeira desborda o campo das relacións contratuais cos caseiros arrendatarios e exténdese as outras categorías de campesiñado;

3) a súa actividade financeira preferente estivo relacionada coa gandeiría vacún que forma co cereal o principal produto e objeto de comercialización;

4) ista participación financeira só foi posible polo amplo coñecemento e información de que dispoñen estas casa-pazo respecto aos máis pequenos asuntos de vida económica e social rural;

5) iste coñecemento garda relación coa antigüidade e perdurabel permanencia coa que estiveron vigentes estas casas-pazo desde fins do século XVI hasta a segunda metade do século XX.

6) Esta situación empezou a superarse a principios do século XX. Elemento fundamental nesta superación foi a difusión en toda a sociedade campesiña do "espírito societario, de solidariedade, defensa mutua e modernización", difundido e alimentado por mil novas formas organizativas con maior ou menor talante reivindicativo. Este "espírito societario" e estas "novas formas organizativas" están directamente relacionadas co intento de incorporación da *NOVA TECNOLOGIA AGROPECUARIA*, que está facendo a súa aparición e que ten capacidade de destrución do regime socio-económico vigente hasta ese momento. O regime anterior síntese como opresivo. Estas formas poden ser Sociedades agrarias; Sindicatos agrarios; Cooperativas agrarias de consumo, de servizos, ou de préstamo; Sociedades de seguros gandeiros; Sociedades de loita política, sobre todo as antiforrals.

O denominador común de todas é a consciencia de grupo social oprimido e explotado e mantido no atraso e na ignorancia polos poderes fácticos, principalmente os señores e o Estado, e, incluso, as veces, a propia Igrexa Católica. A incorporación das novas técnicas a través das anteriores fórmulas organizativas levará consigo a liberación de situación opresiva. Unha boa expresión do tono destas sociedades que impón o corte histórico coa situación anteriormente descrita, son os artigos terceiro e cuarto da Sociedade Agrícola de Vedra. (Vedra. A Coruña, 1911).

O obxecto da sociedade é obter a perfecta solidariedade e irmandade entre tódolos socios que a forman, traballando polo fomento e de-

fensa dos intereses materiais e morais, e procurando crear unha Biblioteca con obras de agricultura onde os socios poidan instruírse no ramo agrícola, instituíndo conferencias técnicas e lecturas en voz outa de libros e jornais que traten de agricultura e ciencias derivadas. Preconizar, dándoos a coñecer, apeiros e prácticas agrícolas perfeccionadas, melhora das clases de vinhos, sementes, razas vacunas e aves do curral....

Procurar que o reparto das contribucións e consumos seja equitativo con relación ó capital de cada un dos veciños, evitando as influencias derivadas da amizade ou doutras relacións, e que os camiños e fontes se atopen en condicións de uso; que os socios se comprometan, dentro e fóra do Municipio, a sustentar a Verdade, a Justiça e a Moralidade; a facer unha estricta vigilancia da administración municipal, das escolas; que non se imponhan tributos arbitrarios, que os impostos se repartan con equidade dentro das leis que os regulan. Gestionar a intervención nos repartimentos veciñais chamando a Sociedade a informar sobre as condicións de cada contribuínte e as posibilidades contributivas; que se dea publicidade a os repartimentos para encaminhalos e reclamar contra tódolos abusos, faltas ou erros que se advirtan; como punto específico, obxecto do artigo cuarto, sinalase "evitar litixios entre os socios que a forman; a Sociedade tratará de dirimir por árbitros ou calquera outro procedemento amistoso toda cuestión litixiosa que xurda entre os socios, prestándose estes entre si auxilios mutuos gratuitamente ou por retribución".

Esta sociedade apoiaba, así mesmo, a loita antiforal encabezada polo "Comité antiforal de Teis" solicitando a redención dos foros, a transformación do imposto de consumos, o apoio á creación de *CALJAS RURAIS*, projectado polo goberno, a creación dun "Seguro do gando" sometido a un regulamento, o establecemento de relación con outras sociedades semellantes creando unha Federación de Sociedades Galegas⁷.

O proceso de crecente penetración das relacións comerciais no mundo rural galego incorporando de forma crecente outputs industriais para inputs no proceso productivo agropecuario e devolvendo outputs agropecuarios

para inputs no sector industrial alimentario, disfuncionalizaron totalmente o papel financeiro hegemónico hasta entóns por pazos, casas-grandes e campesiños ricos.

NOTAS

1. Só dous traballos específicos sobre este tema: J. Ferreiro Porto (1975): "Fuentes para el estudio de las formas de crédito popular en el Antiguo Régimen: Obligaciones-Préstamo, ventas de rentas y ventas de censos", *Actas de las Primeras Jornadas de Metodología de las Ciencias Históricas*, pp. 763-780; e M.X. Rodríguez Galdo (1983): "Bancos agrícolas, desamortización de Madoz e pequena explotación campesina", *Revista Galega de Estudios Agrarios*, N. 7-8. Santiago. M.X. Rodríguez Galdo e X. Cordero Torro (1981): "Gandería e explotacións agrarias na Galicia do século XVIII: Análise da distribución espacial e da tenencia do gando na provincia de Betanzos", *Revista Galega de Estudios Agrarios*, N. 5. A. Meijide Pardo (1975): "Aspectos del comercio gallego a Portugal en el siglo XVIII", *Actas de las Primeras Jornadas de Metodología de las Ciencias Históricas*, pp. 803-823. Santiago. X. Carmona (1982): *Sobre as orixes da orientación exportadora na produción bovina galega. As exportacións a Inglaterra na segunda metade do século XIX. Anexo I: Historia*. Grial. X. Carmona e L. Puente (1988): "Crisis agraria y vías de evolución ganadera en Galicia y Cantabria", en Ramón Garrabou [ed.]: *La crisis agraria de fines del siglo XIX*. Barcelona: Crítica. X. García Lombardero (1979): "Evidencias de unha crise agraria en Galicia: precios e exportación de gando a remates do século XIX", *Revista Galega de Estudios Agrarios*, N. 1. J. Barreiro Gil (1990): *Población, propiedad de la tierra y formación del mercado agrario en Galicia. 1900-1930*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
2. J.A. López Taboada (1993): *Arxentina: Destino da emigración española e galega no século XIX e primeira metade do XX*, p. 35. Vigo.
3. Nomenclator de la Diputación de la Coruña; 10/6/1836 e 1887.
4. Así pódese constatar a través da documentación dos arquivos de O Penhasco e de O Orjal.

5. A exportación de gando vacún de Galiza ao Norte de Portugal é algo documentado desde o século XVIII e que sen rotura da continuidade sigue vigente hoje en día. Para o século XVIII, véxase A. Meijide Pardo en opus cit; para o século XIX e nas primeiras décadas do século XX, véxase J.A. López Taboada (1979): *Economía e Povoación en Galiza*, pp. 240-245. A Corunha.
6. Véxase o "Libro Registro de cambios y precios corrientes en esta plaza de Barcelona del Colegio de Corredores y Reales Cambios". Barcelona, 1840.
7. J.A. López Taboada: "Arxentina: Destino..." pp. 49-50.

BIBLIOGRAFÍA

- BARREIRO GIL, J. (1990): *Población, propiedad de la tierra y formación del mercado agrario en Galicia. 1900-1930*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- CARMONA, X. (1982): *Sobre as orixes da orientación exportadora na produción bovina galega. As exportacións a Inglaterra na segunda metade do século XIX. Anexo I: Historia*. Grial.
- CARMONA, X.; PUENTE, L. (1988): "Crisis Agraria y vías de evolución ganadera en Galicia y Cantabria", en Ramón Garrabou [ed.]: *La crisis agraria de fines del siglo XIX*. Barcelona: Crítica.
- FERREIRO PORTO, J. (1975): "Fuentes para el estudio de las formas de crédito popular en el Antiguo Régimen: Obligaciones-Préstamo, ventas de rentas y ventas de censos", *Actas de las Primeras Jornadas de Metodología de las Ciencias Históricas*.
- GARCÍA LOMBARDEIRO, X. (1979): "Evidencias de unha crise agraria en Galicia: Precios e exportación de gando a remates do século XIX", *Revista Galega de Estudos Agrarios*, N. 1.
- LÓPEZ TABOADA, J.A. (1979): *Economía e Povoación en Galiza*. A Corunha.
- LÓPEZ TABOADA, J.A. (1993): *Arxentina: Destino da emigración española e galega no século XIX e primeira metade do XX*. Vigo.
- MEIJIDE PARDO, A. (1975): "Aspectos del comercio gallego a Portugal en el siglo XVIII", *Actas de las Primeras Jornadas de Metodología de las Ciencias Históricas*. Santiago.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. (1983): "Bancos Agrícolas, desamortización de Madoz e pequena explotación campesina", *Revista Galega de Estudos Agrarios*, N. 7-8. Santiago.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X.; CORDERO TORRÓN, X. (1981): "Gandería e explotacións agrarias na Galiza do século XVIII: Análise da distribución espacial e da tenencia do gando na provincia de Betanzos", *Revista Galega de Estudos Agrarios*, N. 5.